

“ Narón emprende en azul”

O proxecto “ Narón emprende en azul”, levouse a cabo a través dunha subvención concedida pola Consellería do Mar, ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos Grupos de acción Local do Sector Pesqueiro (GAKP) no marco do Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). O importe deste proxecto, a través do que se impulsaron varias accións na cidade de Narón, foi de 46.352,60 euros, dos que 41.717,34 (o 90% do mesmo) se subvencionaron en dúas anualidades a través da citada administración. O proxecto executouse na súa totalidade durante os anos 2021 e 2022. A conclusión final á que se chega con este proxecto é que o Concello continuará apostando pola valorización do mar da costa de Narón en canto á promoción económica de empresas e o turismo, para darlles esa diversificación e opción de sumar valor engadido aos produtos do mar

Os obxetivos acadados son:

-Reforzar o papel das diferentes comunidades pesqueiras no desenvolvemento a nivel local e da xestión de recursos pesqueiros e actividades marítimas locais así coma a valorización do mar da costa de Narón en canto a promoción económica de empresas e o turismo máis o sector pesqueiro, para darlles esa diversificación e opción de sumar valor engadido os produtos do mar”.

- Poñer sempre en valor o produto pesqueiro do Golfo Ártabro, neste caso para transformar e comercializalo.

- En colaboración coas Confrarías de Barallobre e Ferrol e da Asociación de Percebeiros de Meirás apóstase por mellorar a formación dos operadores pesqueiros para introducir novos produtos con valor engadido e ofrecerlles unha formación que lles permita diversificar as súas accións e emprender novas iniciativas.

Actividades que se levaron a cabo:

1.- Diploma Experto Profesional da UNED en Comercialización de produtos da pesca e da acuicultura.

O obxectivo deste curso de Experto Profesional é a especialización e actualización de coñecementos en relación aos produtos da Pesca e a Acuicultura na fase de comercialización. En suma, perséguese ofrecer unha información completa ao profesional do sector, potenciando os seus coñecementos en todas aquelas áreas de interese fundamentais para a xestión e o éxito dos diversos formatos de negocios comercializadores de produtos pesqueiros, tanto en termos de rendibilidade como de posicionamento e competitividade no mercado, permite rediseñar e modificar as estratexias empresariais e profundar naqueles factores e coñecementos que, sen dúbida, poden contribuír a identificar e reforzar as vantaxes competitivas do negocio/actividade en cuestión.

2.- Curso de formación sobre Turismo Mariñeiro.

- Desenvolver conceptos indispensables que permitan adquirir coñecementos no campo de análise de produtos turísticos mariñeiros.

- Capacitar e concienciar para a investigación no campo do turismo coas ferramentas suficientes que permitan unha aplicación no ámbito local, as tradicións culturais e mariñeiras.
- Entender a importancia dunha planificación do turismo respectuosa coa contorna e as tradicións locais dentro do sector pesqueiro.
- Unir o sector turístico e pesqueiro poñendo en valor o traballo dos profesionais do mar.
- Conceptualizar, deseñar e elaborar un proxecto para que as empresas en activo ou as propias mariscadoras, percebeiros e pescadores poidan organizar visitas.
- Potenciar a diversificación pesqueira e económica do noso territorio.

3.- Reunións piloto para a comercialización de produtos da Ría de Ferrol en Madrid.

Perseguen como principal obxectivo establecer a primeira toma de contacto entre os principais representantes dos operadores do sector pesqueiro de Narón e os seus arredores, e os principais representantes da cadea de comercialización de produtos pesqueiros na Comunidade de Madrid.

4.- Xornada de produtos pesqueiros innovadores con degustación de sushi.

O principal obxectivo desta xornada foi o fomento dos produtos pesqueiros de proximidade, dando a coñecer ao consumidor e ao público en xeral as innovadoras posibilidades que existen para o seu consumo como o son, neste caso, as elaboracións de sushi. Ademais, buscouse profundar no tema da elaboración no punto de venda, un servizo que ofrecen cada vez máis peixarías tradicionais.

5.- Curso de formación “ As Algas diversificando o sector pesqueiro”

O curso de formación “As Algas diversificando o sector pesqueiro” tiña o principal obxecto de mostrar ao alumnado as innovadoras opcións que ofrecen as algas á cadea de valor do sector pesqueiro, as cales lle permiten estar á vangarda, adaptarse ás novas tendencias do consumidor e, en definitiva, diversificar a oferta de produtos pesqueiros.

6.- Desenvolvemento de paquete turístico

O principal obxectivo deste paquete turístico é dar a coñecer e poñer en valor a cultura mariñeira e os labores que desempeña, incluíndo experiencias pesqueiras coa visita a confrarías de pescadores que exercen a súa actividade na zona da ría de Ferrol, experiencias gastronómicas, aloxamentos e visitas a espazos naturais protexidos pola Rede Natura 2000, de gran valor ambiental e increíble beleza, así como a visita á interesante exposición do museo naval de Ferrol e actividades deportivas.

7.- Edición, deseño e impresión dun conto sobre o valor da tradición mariñeira.”

No marco do proxecto “Narón Emprende en Azul”, realizouse, editado e impreso o conto “Mar Azul”, dirixido a nenos e nenas de entre 5 e 10 anos, protagonizado pola entrañable familia de Os Bolechas.

Con este conto búscase transmitir aos nenos e nenas do Concello de Narón e os seu arredores o valor da tradición mariñeira e a cultura pesqueira do seu entorno, destacando ao mesmo tempo as posibilidades innovadoras que ofrece, de forma que se fomente e impulse entre a poboación mais nova o emprendemento, dando a coñecer o atractivo das profesións

relacionadas co sector pesqueiro e poñendo en valor o interese do sector por levar a cabo unha actividade sostible.



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



Concello de
Narón